



A mostra instalouse anteriormente no Museo Provincial de Lugo e no seu percorrer cara a Barcelona tamén pasou por Monforte e San Román antes de recalar desde hoxe na Fonsagrada.

# A muller migrante como motor do desenvolvemento rural na provincia

‘**Proximidade Llunyana**’ A exposición itinerante que se inaugura na Fonsagrada hoxe honra o percorrido vital das lucenses que no século XX marcharon a Barcelona

▶ TEXTO: R.L.  
FOTO: AEP

**A** FONSAGRADA acolle hoxe, ás 19.00 horas, a inauguración na Praza do Concello e no marco das patronais da mostra ‘Proximidade Llunyana’, un proxecto itinerante que xa percorreu Lugo, Monforte e San Román (Cervantes), e que o 18 de decembro rematará en Barcelona, coincidindo co Día do Emigrante.

No acto participarán Tareixa Antía Ferreiro Tallón, vicepresidenta da Deputación de Lugo; Carlos López López, alcalde da Fonsagrada; Xosé Molina Vázquez, presidente

do padroado do Museo Etnográfico da Fonsagrada, e Encarna Lago González, xerente da Rede Museística da Deputación e comisaria da exposición.

Previamente, ás 17.00 horas, haberá dous obradoiros: ‘Pegadas na tea’ e ‘Teatro na maleta’, e, posteriormente, unha representación teatral e unha actuación musical a cargo de Laura Burguet Fernández. Se chove trasladaranse ao Museo Etnográfico da Fonsagrada.

No primeiro dos obradoiros, pensado para todos os públicos, as persoas participantes representarán o seu pasado e máis o das súas devanceiras en láminas de

tea, deixando así pegadas de pintura que contarán as historias soterradas na migración. O segundo, dirixido a crianzas e adolescentes, consistirá na creación dunha obra teatral baseada na migración, as historias familiares, a memoria colectiva e o amor ás raíces. Representase antes da inauguración para conectar ás crianzas coas historias e testemuños.

‘Proximidade Llunyana’ é un dos proxectos que xunto a ‘Recolectoras: Muller e terra’ e ‘Fotografías Centrípetas’ conforman o programa Mulleres Rurais, que plasma a dimensión espacial e temporal da emigración de Lugo a Barcelona

no século XX, co testemuño das mulleres que achegan a realidade do éxodo rural da posguerra. Conmemórase a vida das mulleres —cinco delas da Fonsagrada— que renunciaron a o seu universo coñecido pola ansia dunha vida mellor. Revívense súas historias, mostrando os museos como contedores e conectores da memoria colectiva, construíndo historias individuais que aportan unha perspectiva global de como a emigración afectou ás netas, nais e avoas.

Unha montaña de equipaxe apilada foi a protagonista nos vagóns do Tren de Xangai, encargado de transportar aos viaxeiros á

terra prometida. A maleta como representación da vida enlatada da muller migrante que abandonou a súa casa en Lugo para iniciar unha nova vida en Barcelona, pótencíase nun diálogo entre presente e pasado a través de obxectos, cartas e fotografías.

O obxectivo é indagar, investigar e conservar de xeito transversal as historias familiares, converténdoa nunha mostra en constante evolución que busca respostas do pasado para mirar ao futuro. Rescátase un mundo esquecido, honrando e poñendo nome a cada unha destas mulleres, motores do desenvolvemento rural.



Restaurante - Pulpería  
**CALDEIRA**  
1954  
PULPO / MARISCOS / PESCADOS / CARNES  
**MENÚ PEREGRINO**  
982 340 541  
C/ Burón, 24 / A Fonsagrada (Lugo)

panadería  
**Méndez**  
pan artesan  
empanadas  
asados  
repostería  
982 340 278  
608 987 807  
Avda. Galicia 28  
A FONSAGRADA (Lugo)

**MENDEZ & DUARTE, S.L.**  
ALUMINIOS  
• CARPINTERÍA METÁLICA • PVC • ALUMINIO  
• CRISTALES • PERSIANAS • MAMPARAS DE BAÑO  
As Rodas, s/n • Telf. 982 340 313 - 669 892 475 • 27100 FONSAGRADA (Lugo)